



VI 65a

Ai, esta ruadiña d'hoxe
mañán ha de ser sonada,
eso que sea ou que non
a min non se me da nada.
Eso que sea ou que non
a min non se me da nada.

V 196d

Cando paso por tu puerta
miré para arriba e vin-he,
un letreiro que decía
eu para ti non nacín-he.
Un letreiro que decía
eu para ti non nacín-he.

Eu como sabía ler-e
saquei un e puxen outro
eu para ti non nacín-he
e ti para min tampouco.
Ai lalá la la la la la...

VI 543

Si me amas yo te amo,
si me olvidas yo te olvido,
si me das cartas de pago
yo te daré el recibo.
Ai lalá la la la la la...

De los más altos del cielo
cayó la luna y rompió-e
también rompió el espejo
donde me miraba yo-e.
Ai lalá la la la la la...

I entrai ó baile bailar-e
entrai ó baile bailar-e,
chama a quen che parecer
a min deixame quedar-e
chama a quen che parecer
a min deixame quedar-e.

- Bueno, agora entra ti.



Maruxa si vas á feira
cómprame un porco rabelo,
que si mo compras con rabo
non me cabe no cortello.

Maruxiña, Maruxiña
ti que sabes a muiñeira e o agharrao
se souperas como sabes,
se souperas revirar.

Fas bailar a todos
os mozos da Estrada,
falos revirar.

E os curas e os taberneiros
teñen moito parecido,
os curas bautizan ós nenos
os taberneiros do viño.

Maruxiña, Maruxiña
ti que sabes a muiñeira e o agharrao
se souperas como sabes,
se souperas revirar.

Revirar os ollos
como sabes revirar.
Fas bailar a todos
os mozos da Estrada,
falos revirar.

- Está moi ben.
- Menos mal, xa menos mal.